

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE ABRIL DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 24 de abril de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 20 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D<sup>a</sup>. María José Caride Estévez
- Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D<sup>a</sup>. María del Pilar Carneiro Miniño
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa****a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA (lotes 1 e 2)
  2. DANIELA ALVITE WAISMAN (lote 4)
  3. XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 6)
  4. GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. (lote 3)
  5. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lotes 3 e 4)
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. BABADIVA, S.L. (lote 6): en relación coa solvencia técnica e financeira, para os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:25	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA943-51E981-CFB135-DSGWL5-Y99NSY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

efectos de poder comprobar se os contratos que declara se corresponden con prestacións análogas ás do obxecto do lote ao que se presenta, se ben indica unha breve descrición dos servizos executados (tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares - PCAP), non se indica que inclúan pernocta, como esixen tanto o PCAP como o prego de prescricións técnicas particulares. En consecuencia, deberá indicar se eses contratos inclúen servizos de campamentos con pernocta.

2. MR PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 4 e 5):

- lote 4: declara unha solvencia técnica e económica insuficientes, segundo as esixencias previstas na cláusula 8 e Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)
- lote 5: declara unha solvencia técnica insuficiente

Lémbrese que para os efectos de declarar a solvencia técnica, deberán indicar, segundo a cláusula 8 do PCAP “unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas)”. En consecuencia, os servizos ou traballos que declaren deberán gardar relación coa temática de cada un dos lotes aos que se presenta.

3. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. (lote 4): para os efectos de poder comprobar a solvencia técnica e financeira, deberá indicar, tal e como sinala o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares, unha relación de “*contratos de servizos de prestacións análogas aos do obxecto do contrato nos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), nas institucións ou empresas que se indicarán a continuación e polos importes que se citan, tendo realizado no ano ..... (ano de máxima execución do período) servizos ou traballos análogos por importe igual ou superior ao prezo do lote/s ao que se presente, circunstancia que será acreditada no momento procedimental oportuno de acordo co previsto no TRLCSP.*

*Institución ..... Contía ..... Ano ..... e breve descrición do servizo executado .....*

*No caso de traballos realizados en UTE con outras empresas deberá facerse constar unicamente a parte proporcional en función da porcentaxe de participación da empresa na citada UTE”.*

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lotes 3 e 6):

- lote 3: declara unha solvencia técnica insuficiente
- lote 6: en relación coa solvencia técnica e financeira, para os efectos de poder comprobar se os contratos que declara se corresponden con prestacións análogas ás do obxecto do lote ao que se presenta, se ben indica unha breve descrición dos servizos executados (tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares - PCAP), non se indica que inclúan pernocta, como esixen tanto o PCAP como o



prego de prescricións técnicas particulares. En consecuencia, deberá indicar se eses contratos inclúen servizos de campamentos con pernocta.

5. MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. (lote 6): en relación coa solvencia técnica e financeira, para os efectos de poder comprobar se os contratos que declara se corresponden con prestacións análogas ás do obxecto do lote ao que se presenta, se ben indica unha breve descrición dos servizos executados (tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares - PCAP), non se indica que inclúan pernocta, como esixen tanto o PCAP como o prego de prescricións técnicas particulares. En consecuencia, deberá indicar se eses contratos inclúen servizos de campamentos con pernocta.

- c) Solicitar a DANIELA ALVITE WAISMAN que indique un enderezo electrónico para os efectos de notificación (na súa declaración responsable acepta o correo electrónico como medio de notificación pero non o indica no exterior dos sobres da súa oferta, tal e como esixe o Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares).

### 3.- Apertura da documentación técnica

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do único licitador presentado e admitido aos lotes 1 “verán náutico” e 2 “verán mariñeiro”.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:25	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA943-51E981-CFB135-DSGWL5-Y99NSY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		